Brais. Chámome Brais.
Pero na miña cuadrilla todos me chaman… Brais.



Esa é a miña desgraza.




Brais, Brais, Brais! Non oio outra cousa!
A explicación é sinxela: non teño ningún alcume.
Todos os meus amigos teñen un, menos eu.
E iso non che me gusta nadiña!

A Groques colecciona apósitos.
Tres ao día, como mínimo.
Durante o recreo, sempre tenta facer acrobacias para nos impresionar.
Talvez debería seguir o seu exemplo?





**Cacahuete** ten unha cabeza pequeniña,
pero uns miolos superpotentes!
Sempre responde a todas as preguntas do profe.
Ata sabe de onde veñen os bebés.
Seguro que come libros para almorzar.



